

# Banda *Municipal*

# Ribadeo

## PROGRAMA

---

- Xúpiter (da Suite Os Planetas) ..... G. Holst  
(Arr.: J. de Meij)
- Adagio ..... T. Albinoni  
(Arr.: W. Hautvast)
- Marcha fúnebre da Sonata nº 2 ..... F. Chopin  
(Arr.: E. Cebrián Ruiz)
- Panis angelicus ..... C. Franck  
(Solistas: Eva Moreda, Cello,  
Marcos Saavedra, Fagot)  
(Arr.: A.C. van Leeuwen e  
Hernán Naval)
- Música fúnebre masónica ..... W.A. Mozart  
(Arr.: D. Dondeyne)
- A lista de Schindler ..... John Williams  
(Arr.: Jan de Haan)
- Port Bou Saraxevo ..... Hernán Naval
- Tannhäuser (Coro de Peregrinos) ..... R. Wagner  
(Arr.: E. Cebrián Ruiz)

HERNÁN NAVAL

Director

DOMINGO 31 DE MARZO

8:30 DA TARDE

IGREXA PARROQUIAL

1996

Colabora: Parróquia de Sta. Maria do Campo

**R**epare o ouvinte-espectador na especial profusión de nomes a carón de cada título do programa. Agás unha, escrita polo Director da Banda, todas as obras foron orixinalmente compostas para orquestra sinfónica ou de cámara; por iso é polo que, cun programa así, procede a información sobre os correspondentes arranxistas e a reiteración de que as Bandas, mesmo as populares formadas por amaters, poden e mesmo deben cumprir a función de difusoras, a certo nivel, do repertorio universal sinfónico e camerístico. Niso anda, desde 1992, a Municipal de Ribadeo.

O Andante de Xúpiter, de Holst, estreouno a Banda o pasado verán, mentres que o Adagio de Albinoni hai xa dúas temporadas que engrosa moitos programas da Banda en auditorio pechado. Cada ano, o *Panis angelicus* de Franck preséntase dun xeito distinto: primeiro, con metais solistas; o ano pasado, acompañando á soprano local Glória Rodríguez Saavedra; este ano, con Eva Moreda, ao Cello, e Marcos Saavedra, ao Fagot, acompañados dun pequeno grupo de cámara de vento-madeira, nun arranxo de Hernán Naval. A *Marcha fúnebre* de Chopin é máis coñecida en algunha das súas versións bandísticas que no orixinal para Piano. A Banda volve a incluír en repertorio, para 1996, a *Música fúnebre masónica*, do masón e iluminista Mozart, e un impresionante fragmento do *Tannhäuser* do revolucionario Wagner. Cando se estreou *Port-Bou-Saraxevo* en 1994 falábase dunha cidade sitiada; hoxe fálase dunha cidade unificada e libre: serven para algo os cantos de esperanza?, levaba razón Óscar Wilde cando escribiu que «so deberan cantar da morte quen cuxo canto é máis forte que a morte»? Máis forte que a morte e que a barbárie é o canto de John Williams na banda sonora de *A lista de Schindler*.

## **ASOCIACIÓN AMADORES DA MÚSICA**

Coa colaboración de

